

POLÍTICA DE CALIDADE E OBXECTIVOS DE CALIDADE DA ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA

A Escola Superior de Arte Dramática Galicia, en cumprimento do establecido no RD 1614/2009, no RD 21/2015, e na Orde do 21 de novembro de 2016 dótase dun Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) no que se recollen e desenvolven diferentes actuacións en materia de mellora das súas actividades docentes, investigadoras e de xestión. O Sistema tamén atende os procesos de avaliación para a verificación e acreditación das súas titulacións segundo o disposto na lexislación vixente.

O SGIC implántase na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia a instancias do equipo de Dirección e coa aprobación do Consello Escolar da mesma, acordo recollido na acta correspondente (AC101.01). O SGIC da ESAD de Galicia toma como referente para a elaboración do seu Manual de Calidade as normas FIDES-AUDIT, DOCENTIA e VERIFICA, desenvolvidos pola Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación, considerando tamén a norma UNE-EN-ISO 9001 (ISO 9001-2008, e ISO 9001-2009). Tamén se ten en conta o convenio asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) en relación coa avaliación de calidade de centros superiores de ensinanza artística e a súa oferta educativa.

A garantía de calidade implica unha atención sistemática, continua e programada aos procesos que desenvolve esta institución para a súa mellora permanente do servizo público que ofrece. A mellora permanente oriéntase aos procesos que lle son propios: xestión, formación, transición á vida activa, creación, divulgación, investigación e transferencia de coñecemento. Nesa dirección a ESAD de Galicia, a través do SGIC persegue lograr os seguintes obxectivos:

- Crear na Escola unha cultura de centro atenta aos procesos de xestión da calidade e desenvolver unha política de mellora permanente, e de transparencia, en todos os procesos que lle son propios.
- Satisfacer as necesidades e expectativas dos seus usuarios, grupos de interese e da sociedade en xeral, nos procesos que lle son propios a través dunha oferta educativa de calidade, adaptada ás necesidades do sistema teatral nacional e internacional e que favoreza a inserción sociolaboral dos seus titulados e tituladas.
- Contribuír ao pleno desenvolvemento do sistema teatral a través das súas actividades, en especial a través da formación de recursos humanos coa maior grao de cualificación e mediante o desenvolvemento de liñas de investigación e innovación aplicadas á creación escénica.
- Promover a plena integración da ESAD no Espazo Europeo da Educación Superior, potenciando o intercambio con institucións similares para favorecer a mobilidade de alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos e o desenvolvemento de parcerías e proxectos no eido da docencia, a creación e a investigación.
- Superar cantos procesos de acreditación e verificación deriven desa integración no EEES e aqueles que determinen as administracións educativas competentes.

Corresponde á Dirección da ESAD o desenvolvemento, implantación, revisión e mantemento do sistema de xestión e mellora da calidade (SGIC) a través do Servizo de Garantía Interna de Calidade (SzGIC), no que participa a Comunidade Escolar do Centro, e do Departamento de Calidade. A dirección asume o compromiso finalizar a implantación do Sistema ao longo do curso escolar 2017-2018.